

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027241	CEIP Juan Fernández Latorre	A Coruña	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	8
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	9
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	10
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	12
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	12
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	13
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	13
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	14
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	17
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	18
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	21
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	22
o) Outros apartados	22

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

EDUCACIÓN INFANTIL

Segundo consta no DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a finalidade da E. Infantil é contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia.

A Educación Infantil contribuír á desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo, formándose unha imaxe positiva de si mesmos e valorando a súa identidade sexual, as súas capacidades e limitacións de acción e expresión, e adquirindo hábitos básicos de saúde e benestar.
- Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais, adquirindo progresivamente seguridade afectiva e emocional, e desenvolvendo as súas capacidades de confianza en si mesmos.
- Establecer relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo.
- Establecer vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais, respondendo aos sentimentos de afecto, respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de axuda e colaboración.
- Observar e explorar o contorno inmediato cunha actitude de curiosidade e coidado, identificando as características e propiedades máis significativas dos elementos que o conforman e algunha das relacións que se establecen entre eles.
- Coñecer algunhas manifestacións do seu contorno, amosando actitudes de respecto, interese e participación cara elas.
- Representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados e expresalos mediante as posibilidades simbólicas que ofrecen o xogo e outras formas de representación e expresión.
- Utilizar as linguaxes de forma axustada ás diferentes situacións de comunicación habituais para comprender e ser comprendidos polos outros, expresar as súas ideas, sentimentos, experiencias e desexos, avanzar na construción de significados, regular a propia conduta e influír na dos demais.
- Enriquecer e diversificar as súas posibilidades expresivas mediante a utilización dos recursos e medios ao seu alcance, así como apreciar diferentes manifestacións artísticas propias da súa idade.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Tendo en conta o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación primaria contribuír á desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
 - a) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

- b) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- c) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- d) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- e) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- f) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- g) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- h) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- i) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- j) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- k) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- l) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Tanto en E. Infantil como en E. Primaria a adecuación dos obxectivos ao contexto do Centro quedará reflectido nas Programacións Didácticas dos diferentes cursos e áreas de aprendizaxe, participación en diferentes programas e proxectos, realización de diferentes actividades complementarias/ extracolexiais todos eles programados con carácter anual.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

EDUCACIÓN INFANTIL

O DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia especifica en relación as Competencias Clave na E. Infantil que na etapa de Educación Infantil supón o inicio do proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente. As devanditas competencias son as seguintes:

CCL-Competencia en comunicación lingüística. CP-Competencia plurilingüe.
STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería. CD-Competencia dixital.
CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender. CC-Competencia cidadá.
CE-Competencia emprendedora.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Estas Competencias teñen carácter transversal é dicir, ningunha se corresponde directa e univocamente cunha única área e todas se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen nas distintas áreas. Este carácter transversal das competencias favorece o enfoque globalizado propio da etapa de educación infantil.

ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO NO 2º CICLO DE E. INFANTIL CO OBXECTIVO DE CONTRIBUÍR Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

- CP-Competencia plurilingüe.

Iníciase o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar nas nenas e nos nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico. Deste xeito, promóvense o diálogo e a convivencia democrática.

- STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

Iníciase nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos. Con esta finalidade, convídase a observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, para entender e explicar algúns fenómenos da contorna natural próxima.

- CD-Competencia dixital.

Iníciase o proceso de alfabetización dixital que supón, entre outros, o acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais.

- CSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Iníciase no recoñecemento, na expresión e no control progresivo das súas propias emocións e sentimentos e que avancen na identificación das emocións e dos sentimentos dos demais, así como no desenvolvemento de actitudes de comprensión e empatía. As nenas e os nenos comezan a poñer en marcha, de maneira cada vez máis eficaz, recursos persoais e estratexias que lles axudan a desenvolverse na contorna social cunha progresiva autonomía e a resolver os conflitos a través do diálogo.

- CC-Competencia cidadá.

Ofrécense nesta etapa modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Promóvese a adquisición de hábitos saudables e sustentables a partir de rutinas que as nenas e os nenos irán integrando nas súas prácticas cotiás que sentan as condicións necesarias para crear comportamentos respectuosos con eles mesmos, cos demais e co medio, que preveñan condutas discriminatorias de calquera tipo.

- CE-Competencia emprendedora.

Estimúlase a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe. Desta maneira, aséntanse as bases tanto do pensamento estratéxico e creativo coma da resolución de problemas e foméntase a análise crítica e construtiva desde as primeiras idades.

- CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Foméntase nesta etapa a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas. Así mesmo, axúdase ao desenvolvemento da conciencia cultural e do sentido de pertenza á sociedade a través dun primeiro achegamento ás manifestacións culturais e artísticas.

EDUCACIÓN PRIMARIA

O DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia especifica que o perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a

ferramenta en que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego referidos ao devandito período.

O perfil identifica e define as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolvesen ao completar esta fase do seu itinerario formativo. O perfil de saída parte dunha visión á vez estrutural e funcional das competencias clave, cuxa adquisición por parte do alumnado se considera indispensable para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas dos distintos ámbitos da súa vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para lograr a continuidade do seu itinerario formativo e facilitar e desenvolver a súa inserción e participación activa na sociedade e no coidado das persoas, da contorna natural e do planeta. A transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, no sentido de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución. Da mesma maneira, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais.

En canto á dimensión aplicada das competencias clave, definiuse para cada unha delas un conxunto de descritores operativos. Os descritores operativos das competencias clave constitúen, xunto cos obxectivos xerais da etapa, o marco referencial a partir do cal se concretan os obxectivos de cada área, ámbito ou materia. Esta vinculación entre descritores operativos e obxectivos propicia que da avaliación destes últimos, a través dos correspondentes criterios de avaliación asociados, poida colixirse o grao de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída e, polo tanto, a consecución das competencias clave e dos obxectivos xerais previstos para a etapa.

- CCL: competencia en comunicación lingüística. Descritores operativos ao completar a E. Primaria:
 - . Expresa feitos, conceptos, pensamentos, opinións ou sentimentos de forma oral, escrita, signada ou multimodal, con claridade e adecuación a diferentes contextos cotiáns da súa contorna persoal, social e educativa, e participa en interaccións comunicativas.
 - . Comprende, interpreta e valora textos orais, escritos, signados ou multimodais sinxelos dos ámbitos persoal, social e educativo.
 - . Localiza, selecciona e contrasta, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura.
 - . Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses.
- CCL: competencia plurilingüe.
 - Descritores operativos ao completar a:
 - E. Primaria:
 - . Usa, polo menos, unha lingua, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder a necesidades comunicativas sinxelas e predicibles, de maneira adecuada.
 - . Recoñece a diversidade de perfís lingüísticos e experimenta estratexias que, de maneira guiada, lle permiten realizar transferencias sinxelas entre distintas linguas para comunicarse en contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
 - . Coñece e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, e recoñece e comprende o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.
- STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. Descritores operativos ao completar a E. Primaria:
 - . Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas.
 - . Utiliza o pensamento científico para entender e explicar algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor.
 - . Realiza, de forma guiada, proxectos.
 - . Interpreta e transmite os elementos máis relevantes dalgúns métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e veraz, utilizando a terminoloxía científica apropiada, en diferentes formatos (debuxos, diagramas, gráficos, símbolos...).

. Participa en accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde e preservar o ambiente e os seres vivos.

- CD: competencia dixital.

Descritores operativos ao completar a E. Primaria:

. Realiza procuras guiadas na internet e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información.

. Crea, integra e reelabora contidos dixitais en distintos formatos.

. Participa en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas ou plataformas virtuais.

. Coñece os riscos e adopta, coa orientación do docente, medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais.

. Iníciase no desenvolvemento de solucións dixitais sinxelas e sustentables.

- CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender. Descritores operativos ao completar a E. Primaria:

. É consciente das propias emocións, ideas e comportamentos persoais e emprega estratexias para xestionalas en situacións de tensión ou conflito.

. Coñece os riscos máis relevantes e os principais activos para a saúde, adopta estilos de vida saudables para o seu benestar físico e mental, e detecta e busca apoio ante situacións violentas ou discriminatorias.

. Recoñece e respecta as emocións e experiencias das demais persoas, participa activamente no traballo en grupo, a sume as responsabilidades individuais asignadas e emprega estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.

. Recoñece o valor do esforzo e a dedicación persoal para a mellora da súa aprendizaxe.

. Planea obxectivos a curto prazo, utiliza estratexias de aprendizaxe autorregulada e participa en procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda no proceso de construción do coñecemento.

- CC: competencia cidadá.

Descritores operativos ao completar a E. Primaria:

. Entende os procesos históricos e sociais máis relevantes relativos á súa propia identidade e cultura, reflexiona sobre as normas de convivencia e aplícaa de maneira construtiva, dialogante e inclusiva en calquera contexto.

. Participa en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa cos procedementos democráticos.

. Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.

. Comprende as relacións sistémicas entre as accións humanas e a contorna e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva tanto local como global.

- CE: competencia emprendedora.

Descritores operativos ao completar a E. Primaria:

. Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais, utilizando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puidesen xerar na contorna, para propoñer solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas.

- . Identifica fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autoconhecimento e iníciase no coñecemento de elementos económicos e financeiros básicos, aplicándoos a situacións e problemas da vida cotiá.
- . Crea ideas e solucións orixinais, planifica tarefas, coopera con outros en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora.
 - CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais. Descritores operativos ao completar a E. Primaria:
- . Recoñece e aprecia os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, comprendendo as diferenzas entre distintas culturas e a necesidade de respectalas.
- . Recoñece e interésase polas especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio.
- . Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e cunha actitude aberta e inclusiva.
- . Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as disciplinas.

Para isto, segundo se recolle na orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022 do 15 de setembro pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, incorporárase un tempo mínimo diario de 30 minutos dedicado á lectura e práctica da oratoria en cada curso.

En canto á educación en valores:

- Fomentárase a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade.
- Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social
- Favorecerase a prevención e rexeitamento de calquera tipo de violencia (de xénero, terrorista), racismo ou xenofobia. E favorecerase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Evitaránse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- E fomentárase actividades que lles permita afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e da seguridade viaria incorpóranse actividades e promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

O proceso de ensinanza-aprendizaxe guiarase polos seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que o alumnado realice aprendizaxes significativas por el mesmo.
- Favorecer situacións en que os alumnado deba poñer en práctica os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos, co fin de que resulten motivadoras.

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. O alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

-As explicacións do docente poderán ir acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

- Realizaremos actividades de aprendizaxe integradas de xeito que o alumnado poida acadar aprendizaxes en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

EDUCACIÓN INFANTIL.

Nesta etapa é moi importante a selección do material e recursos didácticos, que debe ser moi variado e que sirva para desenvolver as capacidades afectivas, físicas, intelectuais e adecuadas ás súas posibilidades. Os criterios para a selección dos materiais e recursos didácticos fanse en función de:

- Os obxectivos que se plantexan dentro da etapa.
- As situacións educativas.
- Nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Das situacións que desexamos propiciar.
- Outros aspectos que teremos en conta á hora de seleccionar o material son:
- Que sexa seguro, resistente e duradeiro.
- Fácil de manexar.
- Finalidade pedagóxica.
- Atractivo.
- Polivalente.
- Que invite a experimentar.
- Sempre situado ao alcance de todos e todas.
- Colocado e clasificado segundo o Obradoiro ao que pertence.
- Material adaptado ao alumnado NEAE, especialmente NEE.

Entre os materiais e recursos seleccionados para este curso temos:

- . Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet, proxección, conexión a internet, blog e aula virtual.
- . Material funxible: convencionais e non convencionais.
- . Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña).
- . Material visual: lapbooks, carteis, bits, láminas.
- . Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes.
- . Material curricular: Currículo, P.E. e programación PROENS.
- . Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres.
- . Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio.
- . Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas.
- . Material de xogo simbólico.

. Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas).

. Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello).

. Instrumentos musicais.

O equipamento e materiais serán os apropiados para o grupo, e ofrecerá estímulos e respostas adecuadas ás necesidades de cada momento reunindo unhas boas condicións de seguridade.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Poderíamos definir os recursos e materiais didácticos como os instrumentos e medios que subministran información ao docente sobre futuras pautas ou decisións acerca de todo o proceso ensino - aprendizaxe. Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

1. Función de apoio á aprendizaxe: os materiais favorecen a interiorización dos contidos dunha maneira eficaz e significativa dentro do proceso de adquisición de aprendizaxe. Os materiais xogan un papel esencial ao ser os canalizadores na selección e almacenamento da información.

2. Función estruturadora: axudan á hora de ordenar e estruturar toda a información que reciben, de maneira que o abstracto verase transformado en coñecementos máis concretos e accesibles, conseguindo con iso, que os alumnos obteñan unhas aprendizaxes máis específicas e concretos.

3. Función motivadora: todo recurso material ten que ser chamativo, fonte de interacción e favorecedora da aprendizaxe de forma agradable, divertida e pracenteira, onde o neno non conciba en si mesmo o obxectivo principal que persegue, que é a aprendizaxe, senón que considere toda actividade educativa como unha ampliación máis da súa vida diaria.

Características que deben ter os materiais en relación á función complementaria que realiza na actividade educativa, como:

- Carácter motivador: xa que, segundo a forma, textura, cor e características particulares do material, espertase o interese e curiosidade para a súa utilización.
- Carácter polivalente: os materiais poden ser utilizados como elementos en varias actividades escolares.
- Carácter colectividade: a súa utilización pode ser individual ou colectiva.
- Carácter de accesibilidade: estar organizado e dispoñible para a libre elección dos alumnos.

Hai que ter en conta que o material co que se traballe debe estar acorde ás actividades para realizar (aínda que sexa o máis sinxelo e podemos atopar no noso carón). O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: o medio, a idade, as capacidades, a contorna, entre outras.

En función da área e a unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Entre os materiais e recursos didácticos a utilizar durante este curso temos:

- RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes (ONCE).

- RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio, poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta, materiais de Educación física (aros, cuerdas, pelotas).

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, materiais de realidade virtual.

- RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade, kahoot para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.
- RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, así como os diversos espazos do colexio.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O Equipo Directivo elaborará os documentos relativos á oferta de materias optativas: Relixión/Atención Educativa/Proxecto Competencial.

Ditos documentos formarán parte do Proxecto Educativo.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Á hora de deseñar as actividades complementarias teremos en conta os seguintes aspectos:

- Teñen a consideración de actividades complementarias as actividades didácticas que se realizan en horario lectivo e que formando parte da programación teñen carácter diferenciado polo momento, espazo e recursos que utilizan.
- Deberán ter unha finalidade formativa e educativa.
- Intentarase unha distribución equilibrada ao longo dos trimestres.
- É importante ter en conta, como punto de partida, a memoria específica do curso anterior.
- Corresponde ao Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (EACE) promover e facilitar este tipo de actividades coa cooperación equipos docentes. Correspóndelle a cada titor/a, dentro do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, a organización das saídas e actividades complementarias do seu alumnado.
 - O EACE elaborará o programa anual das actividades que se incorporará a PXA e coordinará a organización de todo tipo de saídas que se faga co alumnado.
- Ao inicio de curso realizarase unha proposta de actividades que será aprobada na PXA polo Consello Escolar.
- Pedirase unha autorización aos pais para todo o curso, para aquelas saídas aprobadas.

Cada titor/a recollerá as autorizacións do seu alumnado e as achegas económicas necesarias para as diferentes actividades. Así mesmo informarase aos pais sobre cada unha das saídas (horario, itinerario e visitas previstas).

- É obrigatoria a asistencia a aquelas actividades complementarias que teñan lugar no horario lectivo e no recinto escolar.
- O Colexio potenciará a participación en todas as actividades, evitando calquera ausencia ás mesmas por motivos meramente económicos.

-O alumnado ten dereito a participar nas actividades Complementarias que se organicen tanto dentro coma fóra do centro, agás nos seguintes casos: a) Cando teña sido sancionado coa privación de participar nas actividades e b) Cando por ter unha conduta incívica ou irrespectuosa cos responsables da actividade, o profesorado será autorizado a denegarlle a súa participación. Cando esta conduta teña lugar no momento do comezo da actividade, comunicarse con carácter de urxencia á dirección que disporá o que proceda, para a atención desde alumnado no centro.

- O alumnado que non acuda a algunha actividade quedará perfectamente atendido polos docentes que desde a Xefatura de Estudos se estableza.
- Calquera dúbida respecto á organización das actividades complementarias e extraescolares, resolverase atendendo ás normas de organización e funcionamento do Centro (NOF).
- As actividades complementarias expoñeranse no taboleiro situado na sala de mestres, no taboleiro da entrada ao Colexio e na páxina web.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Partindo do previsto no artigo 48 da ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, concretaranse os plans para o alumnado incluído nestes supostos, seguindo o modelo proposto polo departamento de orientación. En todo caso, os plans de reforzo ao efecto deben incluír:

1.-Resultado da avaliación inicial:

- Especificación das necesidades detectadas durante a avaliación inicial nas áreas obxecto de cualificación negativa no curso ou ciclo anterior.

2.-Medida ordinaria de RE, que conterá o seguinte:

2.1-Concreción dos aspectos do currículo por recuperar (contidos/elementos da competencia) que deben ser reforzados para cada unha das áreas.

2.2.-Aspectos organizativos previstos:

-Modalidade (individual/en grupo).

-Frecuencia (horas/semana).

-Atención mestra de área/ apoio Profesorado con dispoñibilidade horaria /Outro.

2.3- Orientacións metodolóxicas / Recursos específicos (no caso de utilizarse).

3.-Avaliación.

-Seguimento trimestral, como un compoñente máis da avaliación ordinaria.

-Formas e instrumentos de avaliación.

-Valoración final en relación aos aspectos do currículo especificados no plan.

4.-Información

-A persoa titora informará á familia unha vez decidida a medida e a final do curso.

-Informe final do programa de RE, segundo o modelo proposto polo DO que será arquivado no expediente do alumno.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Basearanse no previsto no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro. A finalidade será a de atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polos membros do equipo docente con intervención directa no mesmo, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo personalizado debe incluír, cando menos:

- 1.- Identificación da alumna ou do alumno.
- 2.- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- 3.- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- 4.- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - 4.1.-Resultado da avaliación inicial, como referencia da medida de RE proposta.
 - 4.2.-Concreción do programa de RE (contidos/elementos da competencia esenciais por cada área reforzada).
 - 4.3.-Avaliación:
 - Valoración do desenvolvemento dos contidos/competencias programados.
 - Formas e instrumentos de avaliación.
- 5.- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- 6.- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- 7.- Acreditación da información á familia.

O departamento de orientación elaborará un modelo de plan a disposición do profesorado así como un modelo de información ás familias.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

Para realizar a avaliación teremos en conta as características singulares do alumnado e o contexto sociocultural no que está enmarcado o centro.

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

Non podemos esquecer que o éxito escolar mídese polo grao de consecución das Competencias Básicas e que o esforzo para o desenvolvemento das mesmas corresponde a toda a comunidade educativa (profesorado, familias...) xa que se trata dunha tarefa compartida.

Atopámonos nun momento no que é tremendamente importante levar a cabo unha avaliación colexiada, consensuada e que nos permita obter toda a información precisa para regular os procesos de ensinanza-aprendizaxe. Para acadar unha coherencia no proceso, debemos tomar acordos vinculantes e compartidos.

EDUCACIÓN INFANTIL (Orde do 30 de Maio do 2023 pola que se desenvolve o decreto 150/22 do 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Infantil e régúlase a avaliación na comunidade de Galicia e régúlase a avaliación nesa etapa educativa).

A avaliación dos nenos e nenas en educación infantil terá, como principal obxectivo, ofrecer información de como se está desenvolvendo o proceso educativo para unha intervención máis axeitada cara a mellora. Para iso, a avaliación

debe explicar e describir os progresos que os nenos e nenas realizan e as dificultades coas que se encontran, así como as estratexias e recursos que se poñen en xogo en dito proceso. Isto permitirá o axuste progresivo da axuda pedagóxica ás súas características e necesidades particulares por parte dos profesionais da educación. De maneira concreta empregaremos os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

PROCEDEMENTOS

Observación Traballos de clase

Entrevistas coas familias INSTRUMENTOS

Diario Anecdótico

Boletín informativo trimestral de información ás familias. Rexistro de cumprimento da normas de clase.

Ficha persoal do alumno. Traballos individuais.

Diálogos e conversas na asemblea.

Participación activa nas actividades comúns e/ou colectivas. Cuestionarios.

Rexistros.

EDUCACIÓN PRIMARIA (ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa)

QUE SE AVALÍA?

A avaliación será criterial por tomar como referentes os criterios de avaliación das diferentes áreas curriculares, así como o seu desenvolvemento a través dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, como orientadores de avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe.

O profesorado avaliará:

- As aprendizaxes do alumnado, tendo os criterios de avaliación como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa.
- Os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

COMO AVALIAR?

Procedementos e instrumentos de avaliación.

1. O profesorado levará a cabo a avaliación, a través da observación continuada da evolución do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna en relación cos obxectivos da etapa de Educación Primaria e as competencias clave e tamén a través de probas específicas.

2. Para ese efecto, utilizaranse diferentes instrumentos: Proba escrita, tales como cuestionarios, formularios, presentacións, exposicións, edición de documentos e táboa de indicadores, tales como, escalas de observación, listas de cotexo, rúbricas, axustados aos criterios de avaliación e ás características específicas do alumnado.

CANDO AVALIAR?

- Avaliación inicial

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderíamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevantes para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

- Avaliación das Unidades Didácticas.

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto,

tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD.

- Avaliación do trimestre.

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa Unidade Didáctica (UD).

- Avaliación Final de curso (nota ordinaria)

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

DEREITO A UNHA AVALIACIÓN OBXECTIVA E RECLAMACIÓNS

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación primaria.

ALUMNADO CON NEAE

Os centros aplicarán as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.

Poderá prolongarse un curso adicional a súa escolarización. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

En cada un dos cursos, os titores/as realizarán unha avaliación inicial do alumnado que completarase coa análise dos datos e información recibidas do titor do curso anterior. Isto permitirá adoptar as medidas de reforzo e de recuperación para o alumnado que o precise, así como as decisións oportunas sobre a programación a elaborar.

Ao finalizar cada curso, o profesorado que imparte cada clase a cada grupo de alumnos, levará a cabo a avaliación final dos resultados acadados polo alumnado. A valoración dos resultados consignarase nos documentos de avaliación.

Os docentes que imparten clase no curso deberán adoptar as medidas para que o cambio ao seguinte se leve a cabo coas garantías precisas de continuidade.

As principais decisións, incluídas as de promoción e acordos adoptados, serán recollidas nas actas das sesión de avaliación de final de curso.

Avaliación diagnóstico.

No cuarto curso de educación primaria, todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo se dispoña. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censal, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

A ponderación que se lle outorga a cada un dos instrumentos de avaliación empregados nas Programación Didácticas á hora de obter a cualificación final do alumnado, reflectirase nas Programacións en función dos niveis e especialidade.

PROMOCIÓN

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que promocione de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.

O alumnado que non promocione permanecerá un ano máis no mesmo curso. Considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, decídese que é a medida máis adecuada. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as familias.

Para a elaboración e seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade.

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

Cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado polo profesorado titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvoltas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Cando a promoción non sexa automática, o alumnado promocionará ao curso ou etapa seguinte, sempre que se considere que ten superados os criterios de avaliación das diferentes áreas, cando lograse os obxectivos do curso ou etapa e teña acadado o grao de adquisición das competencias correspondentes.

O alumnado que non superase os obxectivos do curso ou etapa ou que non acadase o grao de adquisición das competencias correspondentes, poderá repetir unha vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo, recuperación e apoio, que será organizado polo equipo docente correspondente.

A decisión de non promoción, é unha medida excepcional e tomarase unha vez esgotadas o resto de medidas (reforzos, apoios), unha vez escoitada a opinión das familias.

O equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado, tendo especial consideración a opinión do/a titor/a.

No caso de que o alumno promocione con avaliación negativa nalgunha área, deberá establecerse un plan de actuación dirixido á mesma.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Atenderase á normativa vixente.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

EDUCACIÓN INFANTIL.

CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Entre os criterios xerais para a toma de decisións na elaboración das diferentes Programacións didácticas en E. Infantil temos:

- A concreción do currículo segundo o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e ou currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Individualización da ensinanza.
- Deseño das actividades adecuadas ao alumnado e tendo en conta ao alumnado NEAE.
- Promover o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
- Temporalización de actividades adecuada.
- Utilización de materiais e recursos didácticos diversos adecuados a cada idade e que favorezan a motivación.
- Deseño de actividades que favorezan a participación das familias.
- O proceso se levará acabo en coordinación co equipo de ciclo de E. Infantil.

O modelo de programación para o alumnado de 2º ciclo de E. Infantil terán os seguintes elementos:

- Introdución.
 - Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
 - Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
 - Metodoloxía.
- Concrecións metodolóxicas.
Materiais e recursos didácticos.
e) Avaliación.

Procedemento para a avaliación inicial.

Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.

- Medidas de atención á diversidade.
- Transversal.

Concreción dos elementos transversais. Actividades complementarias.

- Práctica docente.

Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

- Que contribúa a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

- Que aporte información sobre o proceso en canto a: Planificación, contidos, motivación do alumnado, metodoloxía, interdisciplinabilidade, materiais e elementos transversais.
- Que teñan uns indicadores de logro para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas.
- Que permita, se é preciso, facer as modificacións necesarias para mellorar nosa actuación.

O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

EDUCACIÓN PRIMARIA.

Entre os criterios xerais para a toma de decisións na elaboración das diferentes Programacións didácticas en E. Primaria temos:

- A concreción do currículo establecido segundo o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Planificación: Axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado. significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos.
- Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante.).
- Motivación do alumnado
- Atención á diversidade: Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
- Metodoloxía: Aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptada ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
- Diversidade de materiais e recursos didácticos, accesibles para todo o alumnado.
- Interdisciplinabilidade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
- Elementos Transversais: As sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz e cívica e moral)
- Grao de adquisición de competencias na área.

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

O modelo de programación para o alumnado de E. Primaria terán os seguintes elementos:

- Introdución.
- Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- Metodoloxía.

Concrecións metodolóxicas.

Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

Procedemento para a avaliación inicial.

Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

Concreción dos elementos transversais.

Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios que temos no Centro para decidir participar en proxectos, plans e programas son os seguintes:

- Mellora da calidade educativa e favorecer a innovación no propio centro a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo, cooperativo e en rede, do alumnado e do profesorado implicado.
- Que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial.
- Que fomenten a igualdade de xénero e a coeducación, a competencia dixital, o recoñecemento dos dereitos da infancia, a promoción da saúde, a educación intercultural ou a transición ecolóxica.
- Mellora da competencia lingüística.
- Mellora da competencia dixital.
- Mellora dos resultados escolares do alumnado, especialmente o máis vulnerable, e reflicte a estratexia de fomento da calidade, a equidade, a inclusión e o éxito na educación e formación.
- Que fomenten a lectura do alumnado.
- Que fomenten o uso da lingua galega en toda a comunidade educativa.
- Fomentar a participación en proxectos interdisciplinarios utilizando as tecnoloxías dixitais.
- Que contribúan a mellorar as actuacións no ámbito do tratamento da atención á diversidade e as necesidades educativas especiais.
- Que contribúan a mellorar as relacións cos diferentes sectores que conforman a comunidade educativa.

Para este curso o CEIP Juan Fernández Latorre participa e desenvolve os seguintes proxectos, plans e programas:

- PLAN PROXECTA.
- Sección bilingüe en plástica para 1º de E. Primaria.
- Proxecto Edixgal en 5º e 6º de E. Primaria.
- Programa PROA+ desde 3º a 6º de E. Primaria.
- Plan de mellora das Bibliotecas escolares (PLAMBE).
- Plan de dinamización da lingua galega.
- Plan de atención a diversidade.
- Plan de acción tutorial.
- Plan de igualdade.
- Plan Dixital, Plan de lectura, Plan de Biblioteca e Plan de Actividades físicas e hábitos saudables.
- Neste curso desenvolverase no noso Centro un Plan de formación permanente del profesorado (PFPP) con dúas liñas de actuación:
 - . Plan Dixital de Centro
 - . Elaboración e adaptación de materiais e espazos inclusivos.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento de seguimento do desenvolvemento da Concreción Curricular, será o seguinte:

- No contexto da avaliación procesual avaliarase, como mínimo, unha vez ao trimestre, o desenvolvemento da mesma. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos aspectos incluídos na Concreción Curricular e as propostas de mellora.

o) Outros apartados

1. SEN OUTROS APARTADOS

Non hai máis apartados